

# CICLO PRINCIPAL

PRIMAVERA 2025



TEATRO  
Rosalía Castro

## CICLO PRINCIPAL

PRIMAVERA 2025

### XANEIRO

Venres 17 e sábado 18  
**LA REGENTA**

Venres 24  
**AS FORMAS  
DO AMOR**

### FEBREIRO

Venres 31.01 e sábado 1  
**BURRO**

Venres 7 e sábado 8  
**RECONVERSIÓN**  
Venres 21 e sábado 22  
**FOREVER**

### MARZO

Venres 7 e sábado 8  
**CARMEN, NADA  
DE NADIE**

Sábado 15  
**ENTRAÑAS**

Venres 21 e sábado 22  
**UN DEUS  
SALVAXE**

Venres 28 e sábado 29  
**1936**

## CICLO PRINCIPAL

PRIMAVERA 2025

### ABRIL

Venres 11 e sábado 12  
**CASTING LEAR**

### MAIO

Sábado 3  
**MANUELA REY  
IS IN DA HOUSE**

Venres 23 e sábado 24  
**AS DESTERRADAS**

### XUÑO

Venres 13 e sábado 14  
**LA COLECCIÓN**



## LA REGENTA

De Leopoldo Alas Clarín con adaptación de Eduardo Galán

Produción de Secuencia 3 e Fernán Gomez. Centro Cultural de la Villa, coa colaboración de Focus, Pentación, Saga, Hawork Estudios e Olympia Metropolitana

Unha das obras máis importantes da literatura do noso país, por primeira vez adaptada a teatro nunha versión fiel ao texto de Clarín.

Unha historia sobre o enfrontamento entre a paixón desbordada dos desexos e do amor fronte ás cadeas da moral social provinciana e a traizón.

Ambientada na cidade de Vetusta, La Regenta, publicada en 1884, é unha das grandes novelas da literatura española do século XIX e unha das máis importantes da historia, segundo moitos críticos.

Trátase dunha obra naturalista que retrata con dureza o ambiente dunha cidade de provincias dominada por unha clase alta ociosa e un clero que impón unha moral hipócrita e asfixiante. Ana Ozores é a protagonista, unha bela e nova rapariga que casa con don Víctor Quintanar, antigo rexente da Audiencia de Vetusta, moito maior ca ela, egoísta, e que vive en certo xeito nun mundo que non ten nada que ver coa realidade.

### REPARTIMENTO:

**Ana Ruiz / Elena Ballesteros:** Ana Ozores

**Alex Gadea:** Don Fermín

**Joaquín Notario:** Víctor Quintanar

**Jacobo Dicenta:** Álvaro Mesía

**Pepa Pedroche:** Doña Paula

**Francesc Galcerán:** Frigilis / Cayetano

**Lucía Serrano:** Petra / Visi

**Alejandro Arestegui:** Vegallana

**Con la colaboración especial de Joaquín Notario en el papel de Víctor Quintanar**

### EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

**Dirección:** Helena Pimenta

**Axudante de dirección:** Almudena Ramos

**Deseño de escenografía:** José Tomé y Marcos Carazo

**Deseño de iluminación:** Nicolás Fischtel

**Deseño de vestiario:** Yaiza Pinillos

**Vestiario:** sastrería Cornejo

**Música orixinal e espazo sonoro:** Iñigo Lacasa

### DURACIÓN ESTIMADA:

**110 minutos (sen intermedio)**

### ENTRADAS:

**Tarifa E**



## AS FORMAS DO AMOR

De María Ángeles Iglesias

Coprodución de Verdeveras expresións artísticas e Centro Dramático Galego



Ela e el foron parella.

Foron deses amores inesquecibles que marcan un antes e un despois na vida, porque todo o poñen patas para arriba, revísano, sacódeno, desmóntano e vólveno armar.

Logo de tanto tempo separados, talvez hoxe sexa o día xusto para volver atoparse por primeira vez.

Unha historia para saír do teatro con moi boa sensación no corpo, con gusto, alegría e esperanza.

Unha historia para falar e reflexionar sobre iso que chamamos “amor”.

### REPARTIMENTO:

**Sergio Zearreta e María Angeles Iglesias**

### EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

**Dirección:** Gena Baamonde

**Iluminación e espazo escénico:** Octavio Mas

**Espazo sonoro e música orixinal:** Tato López

**Servizo técnico:** RTA

**Construción escenografía:** persoal Centro Dramático Galego

**Producción xeral:** Verdeveras Expresión Artísticas

### DURACIÓN ESTIMADA:

**65 minutos (sen intermedio)**

### ENTRADAS:

**Tarifa B**



# BURRO

Monólogo baseado en textos clásicos sobre asnos, versión de Álvaro Tato  
Produción de Ay teatro



Nunha leira baleira, un burro atado a unha estaca cóntalle a súa vida á súa sombra mentres se achega a un incendio forestal. Iníciase así unha viaxe traxicómica, divertida, tenra, poética e profunda que explora os grandes textos clásicos sobre o asno e a intensa relación entre o animal e o ser humano.

A música en directo e o teatro máis puro acompañan a este asno sen nome, de seis mil anos de idade, nun percorrido polas súas aventuras, desventuras e peripecias ao longo da Grecia e a Roma clásicas, a Idade

Media festiva e carnavalesca, o Século de Ouro español e inglés, a Ilustración e a Modernidade. Un relato que loita contra o esquecemento mentres se achega ao lume. Unha obra que deixa pegada... de pezuña. Ay Teatro presenta unha viaxe tragicómica con música en directo inspirada nas obras mestras da literatura que viran ao redor do asno, e protagonizado por un dos actores esenciais da historia do teatro español.

## REPARTIMENTO:

**Carlos Hipólito, Fran García, Manuel Lavandera e Iballa Rodríguez**

## EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

**Dirección:** Yayo Cáceres

**Dramaturxia:** Álvaro Tato

**Música orixinal:** Yayo Cáceres

**Escenografía:** Ay Teatro e Tatiana de Sarabia

**Deseño de vestuario:** Tatiana de Sarabia

**Deseño de iluminación:** Miguel A. Camacho

**Deseño gráfico e fotografía:** David Ruiz

**Sastrería:** Alejandro Jaén, Carmen 17

**Axudante de dirección:** Daniel Migueláñez

**Dirección técnica:** Amalia Portes

**Técnica de son:** Manuela Paparo

**Técnica de iluminación:** Tatiana Revertó

**Maquinaria:** David González


**Produción executiva:** Marina Camacho

## DURACIÓN ESTIMADA:

**80 minutos (sen intermedio)**

## ENTRADAS:

**Tarifa E**



# RECONVERSIÓN

De Santiago Cortegoso

Produción de Ibuprofeno teatro

## ESTREA ABSOLUTA

*RECONVERSIÓN* é un espectáculo de gran formato para público adulto, con oito actores-músicos que interpretan a banda sonora en directo. Entre o íntimo e o político, o proxecto, escrito e dirixido por Santiago Cortegoso, é un exercicio de memoria histórica arredor da reconversión no sector naval na Ría de Vigo. A obra céntrase na peripecia vital do pai do autor, un home que traballou no estaleiro de Ascón durante 30 anos. Esta figura sintetiza as vivencias de toda unha xeración, que sufriu o paro polo peche

da factoría en 1984 e viveu as mobilizacións históricas que tiveron lugar nos anos 70 e 80. *RECONVERSIÓN* é unha viaxe desde a posguerra ata o “Felipismo” dos 80, pasando pola auxe da industria siderúrxica e a evolución desde un estilo de vida rural a unha sociedade capitalista.

## REPARTIMENTO:

**Artur Abad:** Percusións, Coro, Soplete, Outros

**Cristina Collazo:** Trompa, Coro, Avoa, Outras

**Santiago Cortegoso:** Percusións, Coro, O fillo

**César Goldi:** Percusións, Coro, Figueroa, Naranjito, Outros

**Celia González:** Clarinete, Coro, A nai, Outras

**Davide González:** Saxofón, Coro, Felipe González, Outros

**Fran Lareu:** Trompeta, Coro, O pai, Outros

**Nani Matos:** Tuba, Coro, Boyer, Outros

## EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

**Texto e dirección:** Santiago Cortegoso

**Codirección e iluminación:** Carlos Álvarez-Ossorio

**Escenografía:** Pablo Giráldez “O Pastor”

**Deseño de son e dirección musical:** Caxade

**Vestuario:** Marián Bañobre

**Xastra:** Bety Busto

**Caracterización:** Baia Fernández

**Movemento escénico:** Armando Martín

**Imaxe e fotografía:** Diego Seixo

**Asistente de dirección:** Natalia Feijoo

**Técnico en xira:** Héctor Pazos

**Produción e comunicación:** Fátima R. Varela

## DURACIÓN ESTIMADA:

**100 minutos (sen intermedio)**

## ENTRADAS:

**Tarifa B**





# FOREVER

De Iñaki Rikarte, José Dault,  
Garbiñe Insausti e Edu Cárcamo

Co-producción de Kulunka Teatro co Centro Dramático Nacional, o Teatro Arriaga de Bilbao e o Teatro Victoria Eugenia de Donostia



Tal vez o perturbador, o emocionante, é que a historia desta familia podería ser a da nosa.

*Forever* conta a historia dunha familia que se vai afastando do que soñou que sería. Reflectindo con humor e ironía os paradoxos do amor, pon o foco en temas como a maternidade, a educación, a discapacidade e a incomunicación. Sobre unha plataforma xiratoria, *Forever* é un carrusel, a nora da vida. Pero tamén unha espiral que, a medida que vira, profundiza na dor dos seus protagonistas. Ata onde pode arrastrar a incomunicación a unha familia?

Tal vez o perturbador, o emocionante, é que a historia desta familia podería ser a da nosa.

## REPARTIMENTO:

José Dault, Garbiñe Insausti e Edu Cárcamo

## EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

**Dirección:** Iñaki Rikarte

**Deseño de escenografía:** Ikerne Giménez e Javier Ruiz de Alegría

**Deseño de iluminación:** Javier Ruiz de Alegría

**Deseño de vestuario:** Ikerne Giménez

**Composición musical e espacio sonoro:** Luis Miguel Cobo

**Deseño e construción das máscaras:** Garbiñe Insausti

**Axudante de dirección:** Alberto Huici

**Fotografía:** Aitor Matauco

**Construción de escenografía:** Readest montajes

**Sastrería:** KKUM

**Dirección técnica:** La Cia de la Luz S.Coop.Mad.

**Prensa:** María Díaz

## DURACIÓN ESTIMADA:

**105 minutos (sen intermedio)**

## ENTRADAS:

**Tarifa E**



# CARMEN, NADA DE NADIE

De Francisco M. Tallón e Miguel Pérez García

Producción de Teatro Español e Tablas y Más Tablas



A vida de Carmen Díez de Rivera foi tan excepcional que ten paralelismos coas traxedias gregas como Antígona ou Ariadna. Nada nunhas circunstancias familiares rocambolescas, dentro do máis selecto da aristocracia española, renunciou aos privilexios de clase e chegou a alcanzar un posto que ningunha muller desempeñou neste país: Xefa do Gabinete da Presidencia do Goberno.

E fíxoo nun dos períodos máis complexos e intensos da historia de España: a transición. Loitou, a miúdo soa, contra todo e contra todos. Posuidora dunha vontade firme, unha mirada intelixente, tivo sempre o propósito de guiar ao seu país cara á democracia. A súa forza e lanzo neste labor público contrastan coa súa tristeza e a súa

incapacidade para atopar a paz interior, rota desde a súa adolescencia por un secreto familiar que a atormentaba.

No escenario, Carmen vai debullando os momentos álxidos da súa intensa e desafiante carreira política mentres lembra os episodios íntimos que marcaron o súa desdita e o seu carácter. Pola súa memoria e polos nosos ollos pasarán algúnhas das personaxes máis importantes da nosa historia.

## REPARTIMENTO:

Beatriz Argüello, Oriol Tarrasón, Ana Fernández e Víctor Massán

## EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

**Dirección:** Fernando Soto

**Deseño de iluminación:** Juanjo Llorens

**Deseño de espazo escénico:** Beatriz Sanjuán

**Deseño de vestuario:** Paola de Diego

## DURACIÓN ESTIMADA:

**90 minutos (sen intermedio)**

## ENTRADAS:

**Tarifa A**



# ENTRAÑAS

De El Patio Teatro  
Producción de El Patio Teatro



¿Onde van os nosos corpos cando desaparecen? ¿Que somos? ¿De que estamos feitos? ¿Que é un corpo?

**El Patio Teatro** asomase ao interior do corpo humano para tratar de explicar, a través do teatro de obxectos e a narración, que é iso que levamos dentro.

Nunha tímida clase de anatomía, as preguntas amoreanse para desentrañar algúns misterios do corpo humano. O resultado, un xogo, unha breve lección de anatomía, de El Patio Teatro.

## REPARTIMENTO:

**Izaskun Fernández e Julián Sáenz López**

## EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

**Dirección:** El Patio Teatro  
**Deseño de iluminación:** El Patio Teatro  
**Deseño e construción escenografía:** El Patio Teatro  
**Vestuario:** Martín Nalda  
**Composición música orixinal:** Nacho Ugarte  
**Técnico luz e son:** Diego Solloa  
**Fotografía:** Clara Larrea  
**Deseño gráfico:** Diego Solloa

## DURACIÓN ESTIMADA:

**45 minutos (sen intermedio)**

## ENTRADAS:

Tarifa U

**DOUS PASES NO MESMO DÍA I AFORO REDUCIDO**



# UN DEUS SALVAXE

De Yasmína Reza  
Producción de Talía Teatro

Dous nenos duns once anos enfróntanse con violencia nun parque. Beizos inchados e dous dentes rotos.... Os pais da “víctima” convidan á súa casa aos pais do “matón” para resolver o conflito. O que comeza sendo unha charla con bromas e frases cordiais, adquire un ton máis violento a medida que os pais van revelando as súas ridículas contradicións e grotescos prexuízos sociais.

As parellas empezarán a insultarse sen reparo algún, e mesmo non dubidarán en sacar os trapos sucios dos seus respectivos matrimonios. Aquí non hai nin bos nin malos. Nin tan sequera vencedores e vencidos. Só catro adultos que se encerellan nunha calorosa discusión que vai desvariando máis e máis a medida que esta se vai alongando innecesariamente.

## REPARTIMENTO:

**Marta Lado, Toño Casais, María Ordóñez e Dani Trillo**

## EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

**Dirección e adaptación:** Artur Trillo  
**Escenografía e deseño iluminación:** Dani Trillo  
**Vestuario:** Martina Cambeiro  
**Música:** Manu Abralades

## DURACIÓN ESTIMADA:

**85 minutos (sen intermedio)**

## ENTRADAS:

Tarifa B





## 1936

De Albert Boronat, Juan Cavestany,  
Andrés Lima e Juan Mayorga

Produción do Centro Dramático Nacional, Check in  
Producciones e El Terrat coa colaboración de Asuntos  
Culturales, Teatre L'Artesà e Teatro de La Abadía

Verán de 1936. As Olimpíadas en Berlín anúncianse para o primeiro día de agosto. As olimpíadas populares en Barcelona, para o 19 de xullo. Conta a lenda que Joseph Goebbels, ministro de propaganda de Hitler, decide que a música oficial das olimpíadas do terceiro Reich sexa a Novena sinfonía de Ludwig Van Beethoven e o seu "Himno á alegría". Pero Pau Casals, que é o comisario cultural das Olimpíadas Populares en Barcelona, representantes do mundo democrático, monta en cólera e decide que de ningún modo Beethoven será secuestrado polos nazis. A partir dese momento o "Himno á alegría" cantarase na inauguración das Olimpíadas Populares no estadio de Montjuic.

Poucos días antes da inauguración, o xeneral Mola, "o director" do inminente golpe de estado, cursa un telegrama cifrado aos militares que se sublevarán contra a segunda República. O contido en clave di así:

"O pasado día 15, ás catro da mañá, Elena deu a luz un fermoso neno". A mensaxe indicaba que a rebelión militar empezaría o 18 de xullo ás cinco da mañá.

Era o principio dun dos episodios máis terribles da historia do noso país.

### REPARTIMENTO:

**Antonio Durán "Morris", Alba Flores, Natalia Hernández, María Morales, Paco Ochoa, Blanca Portillo, Guillermo Toledo, Juan Vinuesa e o Coro de Jóvenes de Madrid.**

### EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

**Dramaturxia:** Albert Boronat e Andrés Lima

**Dirección:** Andrés Lima

**Escenografía e vestuario:** Beatriz San Juan

**Iluminación:** Pedro Yagüe

**Composición musical:** Jaume Manresa

**Espazo sonoro:** Kike Mingo

**Video creación:** Miguel Ángel Raió

**Caracterización:** Cécile Kretschmar

**Axudante de dirección:** Laura Ortega

**Producciones:** Joseba Gil

### DURACIÓN ESTIMADA:

**4 horas (con dous intermedios de 15')**

### ENTRADAS:

**Tarifa 1936**



## CASTING LEAR

De Andrea Jiménez

Produción de Barco Pirata, Teatro de la Abadía  
e Andrea Jiménez



O meu pai é Lear, pero nunca entrou nun teatro. Eu son Cordelia. E son directora de teatro. Como ela, vou buscar a Lear, vou atreverme a miralo e vou tentar perdoar. E vouno a facer desde un escenario. Cada noite, un actor distinto, será Lear, será o meu pai, será un posible pai, un que si queira sentar nun teatro para conversar.

Vou ser Lear eu también, e como él coas súas fillas, vou facer un casting, un casting de pais.

Esta versión-simulacro de *Rey Lear* aspira a ser unha porta aberta para pensar como nos relacionamos cos nosos pais, os biolóxicos, pero también os metafóricos, incluído o mesmo William Shakespeare. É unha autoficción a partir dun clásico ou un clásico autoficcionalado, e oxalá ningunha das dúas cousas. É unha peza sobre a orixe, sobre como o que veu antes nos persegue aínda que queiramos ignoralo. Sobre como nos constrúen quen nos precede. Sobre como inventar unha vida que che pertenza sen esquecer o pasado. Sobre como imaxinar outros finais posibles.

É tamén unha audición, ou un ensaio, iso que sucede antes de que todo suceda, o lugar xusto antes de que algo tome a súa forma exacta. O momento exacto no que aínda todo é posible.

– Andrea Jiménez, creadora de «Casting Lear».

### REPARTIMENTO:

**Andrea Jiménez e Juan Paños xunto a un actor invitado en cada función**

### EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

**Dirección:** Andrea Jiménez e Úrsula Martínez

**Asesoría dramaturxica:** Olga Iglesias

**Deseño de escenografía e iluminación:** Judit Colomer

**Deseño de vestuario:** Yaiza Pinillos

**Movemento:** Amaya Galeote

**Axudante de dirección:** Óscar Martínez-Gil

**Xerente en Xira e rexiduría:** Paco Flor

### DURACIÓN ESTIMADA:

**80 minutos (sen intermedio)**

### ENTRADAS:

**Tarifa E**





## MANUELA REY IS IN DA HOUSE

De Manuela Rey, Xaquín Núñez Sabarís, Ernesto Marecos, Sousa Bastos, Almeida Garret, Eduardo Augusto Vidal, Paula Ballesteros, Mariana Carballal, Neto Portela, Nuno J. Loureiro, Rafaela Sá, Raquel Crespo, Teresa Vieira, Xosé Lois Romero

Unha coprodución do Centro Dramático Galego, Teatro do Noroeste/Centro Dramático de Viana, Teatro Nacional de São João, Teatro Nacional D. Maria II, coa colaboración do INCIPIT-CSIC, o FITEI do Porto e o Festival de Teatro de Almada.

Manuela Rey, “a muller lirio”, é máis que unha liña no libro dos enterros do cemiterio dos Praceres, en Lisboa. É un misterio que comeza en Mondoñedo, nunha casa de aldea, en 1842, e remata no Teatro Nacional Dona María II, en Lisboa. De Mondoñedo a Lisboa. De Galicia a Portugal. 23 anos de vida. 23 anos de teatro. Como reconstruír unha vida onde só temos anacos soltos e

contraditorios? Sabemos que despois de seis anos foi entregada a unha compañía teatral itinerante, que percorreu León, Palencia, Bragança, Valença, Ponte de Lima, Viana do Castelo, Régua, Porto para que o grupo familiar adoptivo chegase a Lisboa e triunfase no Teatro Nacional Dona María II e morrese como unha estrela aos 23 anos. Manuela Rey é a historia esquecida do teatro galego e portugués. Actriz. Escritora. Neste espectáculo tentamos recuperar o que quedou da súa memoria. Porque sen memoria non hai Historia.

### REPARTIMENTO:

**Mariana Carballal, Neto Portela, Nuno J. Loureiro, Rafaela Sá, Raquel Crespo, Teresa Vieira, Xosé Lois Romero. Arqueóloga investigadora do INCIPIT-CSIC: Paula Ballesteros**

### EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

**Dramaturxia e dirección:** Fran Núñez  
**Escenografía e vestuario:** Pedro Azevedo  
**Deseño de luz:** Nuno Meira  
**Apoio ao movemento:** Guilherme Sousa  
**Apoio á creación:** Neto Portela  
**Arqueóloga investigadora do INCIPIT/ CSIC:** Paula Ballesteros  
**Música:** Xosé Lois Romero  
**Transferencia de documentación:** Andrés García, Antonio Reigosa, Consello da Cultura Galega, Teatro Nacional Dona María II, Museo Nacional do Teatro  
**Construción de escenario:** Centro Dramático Galego

### DURACIÓN ESTIMADA:

**80 minutos (sen intermedio)**

### ENTRADAS:

**Tarifa B**



## AS DESTERRADAS

De Carme Varela

Produccións Teatrais Excéntricas

No século XVI unha pequena comunidade de monxas á beira do Miño vese ameazada pola cobiza da hierarquía eclesíastica. Os señores da Igrexa, para rematar coa resistencia das freiras non dúbida en difamalas e ameazadas por todos os medios, desde o tribunal da inquisición á violencia das mesnadas señoriais. Carme Varela reconstrúe nun thriller conventual aqueles tempos de resistencia das comunidades de mulleres autosuficientes e poderosas. A vida parece continuar coas súas rotinas de rezos, bordados e melindres, mais a negra sombra da ameaza exterior abátese sobre o convento de Albeos.

A heroica resistencia daquelas freiras chega agora encarnada nun elenco luxoso, iluminadas por Laura Iturralde e dirixidas por Quico Cadaval.

### REPARTIMENTO:

**María Costas, Melania Cruz, Rocío González, Rebeca Montero, Patricia Vázquez e Víctor Mosqueira.**

### EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

**Dirección:** Quico Cadaval  
**Espazo escénico:** Laura Iturralde e Quico Cadaval  
**Espazo lumínico:** Laura Iturralde  
**Espazo sonoro:** Piti Sanz  
**Deseño de vestuario:** Celia Sineiro  
**Deseño gráfico:** Javier de la Rosa  
**Fotografía:** Sabela Eiriz  
**Vídeo:** Sonia García  
**Axudante de dirección:** Mon Serodio  
**Xefe de produción:** Rubén G. Pedrero

### DURACIÓN ESTIMADA:

**95 minutos (sen intermedio)**

### ENTRADAS:

**Tarifa B**

**PREMIO ALVARO CUNQUEIRO PARA TEXTOS TEATRAIS NA XXV ANIVERSARIO (2020)**







# LA COLECCIÓN

De Juan Mayorga

Coproducción de LAZONA e Teatro de la Abadía

Héctor e Berna son un matrimonio sen fillos, ao longo da súa vida reuniron unha colección á que sacrificaron todo o demais. Agora, anciáns, queren asegurarse de que a colección os sobreviva, para o que buscan un herdeiro. Convocaron a Susana, coleccionista á súa vez, seica para examinala. Acompañaos Carlos, quizais tamén el un examinador, se é que non unha peza da colección. É *La colección* unha obra sobre o matrimonio, sobre o paso do tempo e sobre a misteriosa relación entre as persoas e os obxectos. “Era necesario que alguén fixese a colección. Imaxes separadas por océanos ou séculos esperaban que alguén as reunise. O seu destino era a colección. Se algún día, dentro dun millón de anos, un ser capaz de pensar e de sentir atopa a colección, saberá que é a humanidade e que podería ser. Antes de atravesar esa porta, pensen que, cando volvan a este lado verán todo desde a colección. Tamén ás demais persoas e a eles mesmos. A colección descóbrete. Non podes vela e non preguntar quen es, porque contén todo o que es e todo o que non es.

## REPARTIMENTO:

**José Sacristán, Ana Marzoa, Igancio Jiménez e Zaira Montes**

## EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

**Dirección:** Juan Mayorga

**Diseño de escenografía:** Alessio Meloni (AAPEE)

**Axe de dirección:** Ana Barceló

**Diseño de iluminación:** Juan Gómez Cornejo (A.A.I)

**Diseño de vestuario:** Vanessa Actif (AAPEE)

y Sandra Espinosa

**Música e espazo sonoro:** Jaume Manresa

**Producción executiva:** Jair Souza-Ferreiro

y Elisa Fernández

**Asistente de dirección:** Alejandro Sánchez

**Dirección de produción:** Miguel Cuervo

## DURACIÓN ESTIMADA:

**110 minutos (sen intermedio)**

## ENTRADAS:

**Tarifa E**



## CICLO PRINCIPAL

PRIMAVERA 2025

### HORARIOS:

Todas as funcións representaranse ás 20.30 h agás o espectáculo **Entrañas** que terá dous pases no mesmo día un ás 18:30 h e outro ás 20:30 h e **1936** que, debido a súa duración, comenizará ás 20:00 h

### ENTRADAS:

- Tarifa 1.936: 25'00 €, 20'00 €, 15'00 €, 10'00 €
  - Tarifa ESPECIAL: 21,50 €; 15,00 €; 13,00 €; 9,50 €
  - Tarifa A: 18,00 €; 14,00 €; 11,00 €; 8,50 €
  - Tarifa B: 14,00 €; 10,00 €; 8,00 €; 6,50 €
  - Tarifa ÚNICA: 12:00 €
  - Tarifa visibilidade reducida -butacas comprendidas entre a 37 e a 57 e a 36 e 56 en TERTULIA-: 5,00 €.
  - Tarifa mobilidade reducida: establécese o prezo menor da tarifa correspondente ao espectáculo ou o 70% da tarifa cando esta é única.
- Non se permite a entrada de animais de compañía ao teatro, agás cans guía e de asistencia.

### DESCONTOS:

- Carnet Xove, maiores 65 anos, desempregados: -20%
  - Familias numerosas: - 25%
  - Grupos + 20 personas, en compra anticipada -50%
- Os descontos non son acumulables entre si.

### VENTA DE BILLETES:

- Despacho de billetes da praza de Ourense: de luns a venres, agás festivos, de 11.00 a 15:00 h e de 16:30 a 19:30 h
- Despacho de billetes do Teatro Rosalía Castro: aberto só os días de función, de 16:00 a 20:00 h
- WEB: [ataquilla.com](http://ataquilla.com). Servizo permanente 24 h.

### PAGOS:

Despacho de billetes da praza de Ourense, do Teatro Rosalía Castro e televenda con tarxeta de débito ou crédito.



@TeatroRosalía



@teatorosalíacastro



Teatro Rosalía Castro



Teatro Rosalía Castro



[www.coruna.es/cultura](http://www.coruna.es/cultura)

## CICLO PRINCIPAL

PRIMAVERA 2025



### PARA OÍR MELLOR:

O **TRC** dispón dun sistema de auriculares a través dos que se pode recibir sinal amplificado do son. Tamén se ofrece o servizo de bucle magnético que permite facer chegar o sinal de audio correctamente ao audífono ou implante eliminando ruído de fondo.

Por razóns de hixiene, recomendamos traer os propios auriculares da casa.

Para máis información, preguntar ao persoal de sala.



Depósito legal: 1771-2024

# CICLO PRINCIPAL

PRIMAVERA 2025



ORGANIZA:

